# 60

●●●○○ EXPRESIÓN VERBAL
●●●○○ EXPRESIÓN CORPORAL
●●○○○ CREATIVIDADE
●●●●● VOCABULARIO
●●●○○ ESCOITA ACTIVA
●●●○○ TRABALLO EN GRUPO
●○○○○ DIFICULTADE

**8 ou máis participantes**
**15 minutos**

Coñecemento

Aprender os nomes

# ROLDA DE NOMES

## MATERIAIS

Unha pelota.

## ESPAZO

Non precisa dun espazo concreto.

## DESCRICIÓN

Consiste en recordar o nome de todas as persoas na roda.
A primeira di o seu nome. A segunda di o nome da primeira e mailo seu.
A seguinte o nome da primeira, da segunda, o seu... e así sucesivamente.

## VARIANTE

ROLDA DE NOMES CON PELOTA
Nunha roda, alguén di o nome da persoa a quen lle vai pasar a bóla e lánzalla.
Esta persoa di o nome de quen lle pasou a bóla, o seu propio nome
e mailo de a quen lle vai pasar e lánzalla.
Así sucesivamente ata que todas as persoas participaron na roda.